

DYR – Producciones Audiovisuales



"Como elemento innovador, realizamos campañas multimedia a través de Bluetooth"

David González Sánchez

Datos básicos

Actividade:	Productora audiovisual
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	2
Inversión inicial	14.000€
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con aportacións persoais e un crédito persoal.
Web:	www.dyrproducciones.com
Municipio:	San Ciprián de Viñas, Ourense
Ano creación:	2004

Descrición do proxecto

Desenvolvemos en Galicia toda clase de traballos nos que interveña soporte lóxico dixital e postproducción dixital multicapa: alter effects e combustión, tanto para traballos de publicidade como para contidos televisivos.



Datos empresa

Claves do éxito

Creo que unha das claves do éxito foi a diversificación da actividade.

Doutra banda, o empeño constante en interrelacionarme con empresas, colaboradores e clientes en Santiago e Coruña.

Un elemento innovador é que, dentro da busca de novos métodos de marketing e publicidade, a produtora realiza campañas multimedia a través de Bluetooth..

Situación actual

Atopámonos na actualidade nun proceso de crecemento que nos obrigarán a buscar financiamento. De momento, as vías que abrimos, van ben.

Perfil cliente

Ao diversificares tanto a actividade da empresa, os clientes son moi variados; dende canles de TV ou axencias de Publicidade a empresas privadas e institucións.



Idea inicial

O primeiro traballo da produtora foi a produción da curtametraxe Munfeld, rodado en 35mm. en Madrid. A produción circulou por diferentes festivais e mercados, o máis relevante o Festival de Cine de Cannes (Francia) e realizáronse vendas. A iniciativa animoume a continuar coa empresa e aplicar os meus coñecementos e experiencia a un proxecto empresarial. Un ano despois da súa creación, por decisión persoal decidín volver a Galicia para, no 2005, continuar coa produtora desde Ourense.

Principales dificultades y amenazas futuras

As dificultades iniciais radicaron na pouca demanda e na ausencia dunha base industrial audiovisual en Ourense. Esta dificultade foi superada grazas á creación dunha rede de colaboradores de Santiago e Coruña. O maior problema no futuro radica en que o crecemento da empresa foi demasiado rápido, e neste momento, o control dese crecemento é o noso maior temor. O financiamento do crecemento da empresa resulta imprescindible e, por outra parte, expón as súas dificultades.

Perfil promotores

O promotor é licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade Europea de Madrid. Os seus primeiros traballos foron en Madrid para produtoras. En Galicia traballou como realizador freelance.

Aptitudes necesarias

Considero fundamental a formación, o coñecemento do mercado, a perseverancia e unha boa dose de paciencia.



Guía de Actividad

Producción audiovisual (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**A independencia que proporciona
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, a través de xornadas e seminarios.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si

Anecdótico

Non dispoñible

